

# AS LINGUAS DA PENÍNSULA IBÉRICA

## SEMELLANZAS E DIFERENZAS

As transformacións sufridas polos diferentes fonemas e grupos de fonemas latinos non foi azarosa nin individualizada, senón bastante sistemática. En consecuencia, pódense establecer unha serie de padróns de evolución, que se denominan **leis fonéticas**. As máis importantes son as seguintes.

| GALEGO  | PORTUGUÉS  | CASTELÁN                                 | CATALÁN                                |
|---|--|--|--|
| 1.- Redución do sistema vocálico do latín clásico, de dez vogais (cinco longas, Ā, Ē, Ī, Ō, Ū, e cinco breves Ā, Ĕ, Ĭ, Ŏ, Ŭ) a sete fonemas, con diferenza de abertura, xa experimentada no latín vulgar: a, ε, e, i, ɔ, o, u. EX.: xogo (subst) / xogo (vbo) | Jogo (subst. pechada) /<br>jogo (vbo, aberta)<br><br>pe / pé | juego<br><br>pe / pié                    | Xoc (aberta)                           |
| 2.-<br>AU > ou (PAUCUM > pouco)<br>AE > ε (CAELUM > ceo)<br>OE > e (POENAM > pena)<br>AL > ou (CALCEM > couce)  | pouco<br><br>céu<br><br>pena<br><br>couce                    | poco<br><br>cielo<br><br>pena<br><br>coz | poc<br><br>cel<br><br>pena<br><br>coça |
| 3.-<br>CL- > ch (CLAVEM > chave)<br>PL- > ch (PLENUM > cheo)<br>FL- > ch (FLAMMAM > chama)  | chave<br><br>cheo<br><br>chama                               | llave<br><br>lleno<br><br>llama          | clau<br><br>ple<br><br>flama           |
| 4.- Sonorización das oclusivas xordas intervocálicas:<br><br>-P- > b (CEPULLAM > cebola)<br>-T- > d (VITAM > vida)<br>-C- > g (CAECUM > cego)   | cebola<br><br>vida<br><br>cego                               | cebolla<br><br>vida<br><br>ciego         | ceba<br><br>vida<br><br>cec - cega     |
| 5.- Perda de -N- e -L- intervocálicos: LU- NAM > lúa, PALUM > pau   | Lua, pau   | Luna, palo                               | Lluna, pal                             |

|   |                         |                          |                               |
|---|-------------------------|--------------------------|-------------------------------|
| 6.- Simplificación das consoantes dobres:<br>LL > l (GALLINAM > galiña)<br>NN > n (PANNUM > pano)<br>TT > t (CATTUM > gato), etc. | galinha<br>pano<br>gato | gallina<br>pañño<br>gato | gallina<br>pany (drap)<br>gat |
| 7.- CT > it (NOCTEM > noite)  | noite                   | noche                    | nit                           |
| 8.- NI seguido de vogal > ñ (SENIOREM > señor)<br>LI seguido de vogal > ll (MULIEREM > muller)                                    | senhor, mulher          | señor, mujer             | senyor, (dona)                |
| 9.- G ante e, i > x (GENERUM > xenro)   | genro                   | verno                    | gendre                        |
| 10.- C'L intervocálico > ll (CUNIC'LUM > coello)  | coelho                  | conejo                   | conill                        |

## ÉUSCARO

1. Adoptou o alfabeto latino cando comezou a desenvolverse como lingua escrita no século XVI
2. Posúe 5 vogais e o “H” nunhas variantes é mudo e noutras é aspirada.
3. Posúe unha morfoloxía moi rica en relación ao nome e ao verbo, pois ademais da declinación dos nomes, o verbo contén gran cantidade de información sobre o suxeito que emite a mensaxe e sobre o obxecto directo e indirecto, ademais emprega distintas desinencias segundo o xénero da persoa coa que se fala.